

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3871958415217907817.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 63-2024 Servizo colaboración na recadación municipal

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE DOTAR CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS FACTURAS DO MES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2024 DERIVADAS DO CONTRATO DE COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO COA EMPRESA GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL SA.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 63-2024, por un importe total de 158.545,96 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de dotar crédito, ó ser insuficiente a cantidade de 103.283,90 euros, unha vez presentada a factura correspondente ao mes de setembro de 2024 co importe de 108.937,64 euros e a factura de outubro de 2024, por importe de 152.892,22. Facturas que proceden do *contrato de colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico co empresa Gestión Tributaria Territorial, SA.*

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1753/2024 do 03.12.2024, así como os seguintes mandamentos contables:

- RCMOD Ref.: 81392/2024 por importe de 128.545,96 €
- RCMOD Ref: 81393/2024 por importe de 5.978,16 €
- RCMOD Ref.: 81394/2024 por importe de 2.797,42 €
- RCMOD Ref.: 81395/2024 por importe de 5.660,59 €
- RCMOD Ref.: 81396/2024 por importe de 9.050,72 €
- RCMOD Ref.: 81397/2024 por importe de 6.213,11 €
- RCMOD Ref.:81398/2024 por importe de 300,00 €

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e ademáis dáse cobertura ao servizo de colaboración coa recadación, cuxos importes non se coñecen con exactitude ao elaborar o orzamento e dependen do volume de recursos dos que se realiza a colaboración na xestión recadatoria ao longo do ano, de xeito que a maior recadación maior importe. Por tanto, enténdese que procede a modificación solicitada.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 158.545,96 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN
LVP/slb
Refª: ispac3871958415217907817.doc
Asunto: Decreto aprobación TC 63-2024 Servizo colaboración na recadación municipal

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
93301.22700 93201.12000 93201.12006 93201.12100 93201.12101 93201.13002 93201.15100	128.545,96 € 5.978,16 € 2.797,42 € 5.660,59 € 9.050,72 € 6.213,11 € 300,00 €	93400.22708	158.545,96 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	158.545,96 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	158.545,96 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.